

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 6 DE SETEMBRO DE 2012. Nº 10/2012.

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE ACCIDENTAL:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)

CONCELLEIROS:

D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.)

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)

D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO (P.P.)

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)

D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)

D^a MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)

D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)

D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)

D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)

D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)

D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)

D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)

D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Ausentes:

D. José Crespo Iglesias

D^a Beatriz García Iglesias

INDICE:

1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.....páx. 3

2.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....páx. 3

3.- Proposta do PP relativa á aplicación do real decreto-lei 20/2012 no referente ás situacións de incapacidade laboral temporal.....páx. 5

4.- Moción dos grupos municipais da oposiciónpáx. 7

5.- Rogos e preguntas.....páx. 11

=====

Sendo as dez horas do día 6 de setembro de 2012, xoves, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente accidental, *D. Román Rodríguez González*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*; asiste a Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

Non asisten *D. José Crespo Iglesias* nin *D^a. Beatriz García Iglesias*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-

Deuse conta pola **Presidencia** dos borradores das actas das sesións: ordinaria do Concello Pleno do día 30 de xullo de 2012 e das sesións extraordinarias do 3 de agosto de 2012. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulle aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren ás mesmas.

Non habéndoa por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar as ditas actas correspondentes á sesión ordinaria do día 30 de xullo de 2012 e ás sesións extraordinarias de 3 de agosto de 2012, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano:

(...)

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN RELATIVA Á APLICACIÓN DO REAL DECRETO-LEI 20/2012 NO REFERENTE ÁS SITUACIÓNS DE INCAPACIDADE LABORAL TEMPORAL.

Deuse conta pola Presidencia desta proposta da Alcaldía. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 3 de setembro de 2012.

Na rolda de voceiros o voceiro popular, *D. Román Rodríguez González*, explicou o contido da proposta en breves palabras. Sinalou que este tema estaba xa regulado pola propia norma do Estado, que ía establecendo unha gradación de porcentaxes en funcións dos días de baixa. As administracións tiñan liberdade para establecer as contías, pero sempre dentro desas marxes.

O que pretendía, así o entendía él, era evitar esas baixas de dous, tres ou catro días de duración no sector dos empregados públicos, que eran en realidade bolsas de fraude que había que atallar. Non era pois unha normativa sacada para ningún Concello en particular, e menos para Lalín.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** indicou que dunha banda o seu grupo alegrábase porque o Concello chegase ata o máximo de cobertura nesas porcentaxes e días; doutra, estaban en contra da normativa aprobada e do sistema agora en vigor, xa que non era suficiente, e o que facía era que pagasen xustos por pecadores. Absteríanse.

Desde o grupo nacionalista, **D. Xesús Cordeiro Budiño** adiantou a abstención do seu grupo. A medida adoptada formaba parte dun conxunto máis amplo incluídas no axuste económico aprobado polo Goberno Central. Coidaba que esta e as outras medidas ían contra dos traballadores. Había que entender que as baixas dábanas os médicos e non os empregados públicos; parecía que non se ían poder enfermar os empregados públicos.

Tamén desde o PGD **D. Camilo Conde López** indicou que se abstería, xa que o decreto en sí era cuestionable. Era certo que había que corrixir vicios nas relacións laborais, pero non incluír as situacións de accidente por causas alleas aos traballadores, nestas situacións a normativa penalizaba aos traballadores. Vía contradicións e tamén dunha parte aspectos positivos, e doutra negativos. Absteríase.

Rematou o debate **D. Román Rodríguez González**. Observaba contradición nas verbas e na postura da oposición, xa que dunha banda se alegraba de que se presentase a proposta na que o Concello propuña conceder o máximo permitido pola norma, pero doutra afirmaban que se absterían na votación. Como grupo debían apoiar esta normativa que creaba unha nova situación, e que homologaba tamén aos traballadores da Xunta de Galicia e aos Concellos, se ben admitiu que nos concellos onde gobernaba a oposición, a oposición do PP facía o mesmo.

Sometida a votación ordinaria a proposta a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: seis (6) sendo tres do PSdeG-PSOE, dúas do BNG e unha do PGD.

Xa que logo **aprobose** a proposta do Sr. Alcalde en base aos seguintes antecedentes:

O artigo 9 do Real Decreto-Lei 20/2012, nos seus apartado primeiro e segundo do punto 2, permite que cada administración estableza os límites dos complementos retributivos a percibir en causas de incapacidade temporal.

Para o efecto, os referidos apartados establecen o seguinte:

“2. Cada Administración Pública, en el ámbito de sus respectivas competencias, podrá complementar las prestaciones que perciba el personal funcionario incluido en el Régimen General de Seguridad Social y el personal laboral a su servicio en las situaciones de incapacidad temporal, de acuerdo con los siguientes límites:

1.º Cuando la situación de incapacidad temporal derive de contingencias comunes, durante los tres primeros días, se podrá reconocer un complemento retributivo hasta alcanzar como máximo el cincuenta por ciento de las retribuciones que se vengán percibiendo en el mes anterior al de causarse la incapacidad. Desde el día cuarto hasta el vigésimo, ambos inclusive, el complemento que se pueda sumar a la prestación económica reconocida por la Seguridad Social deberá ser tal que, en ningún caso, sumadas ambas cantidades, se supere el setenta y cinco por ciento de las retribuciones que vinieran correspondiendo a dicho personal en el mes anterior al de causarse la incapacidad. A partir del día vigésimo primero, inclusive, podrá reconocerse una prestación equivalente al cien por cien de las retribuciones que se vinieran percibiendo en el mes anterior al de causarse la incapacidad.

2.º Cuando la situación de incapacidad temporal derive de contingencias profesionales, la prestación reconocida por la Seguridad Social podrá ser complementada, desde el primer día, hasta alcanzar como máximo el cien por cien de las retribuciones que vinieran correspondiendo a dicho personal en el mes anterior al de causarse la

incapacidad.”

Xa que logo, tras as reunións celebradas os días 24 de xullo e 29 de agosto de 2012 cos membros da Xunta de Persoal e do Comité de Empresa e de conformidade coa normativa citada **O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Nos casos de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral o complemento retributivo calcularase de conformidade coas seguintes regras:

1. Dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día inclusive aboarase un complemento ata acadar o 50% das retribucións.
2. Dende o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o vixésimo día inclusive aboarase un complemento ata acadar o 75% das retribucións.
3. A partir do día vinteún, inclusive, aboarase un complemento ata acadar o 100% das retribucións.

SEGUNDO.- Nos casos de incapacidade temporal por continxencias profesionais e continxencias comúns de conformidade coas seguintes regras:

A administración aplicará, ademais do previsto na Lei da Seguridade Social, as seguintes regras para proceder ao aboamento do complemento por incapacidade temporal para o persoal ao seu servizo:

1. Aboarase un complemento ata acadar o 100% das retribucións dende a data de inicio da situación de incapacidade temporal por continxencias profesionais e polas continxencias comúns que xeren:

- Hospitalización.
- Intervención cirúrxica.

2. Con carácter excepcional e debidamente xustificado, aboarase un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións dende a data de inicio da situación de incapacidade temporal por continxencias profesionais e polas continxencias graves como cancro, hepatite, esclerose,...

3. Os empregados e as empregadas públicas percibirán un complemento á prestación económica para que perciban o 100% da súa retribución nas situacións de:

- Maternidade.
- Risco por embarazo.
- Risco durante a lactancia natural.
- Paternidade.

TERCEIRO.- O presente acordo será de aplicación a todos os empregados públicos do Concello de Lalín.

4.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS DA OPOSICIÓN.-

Deuse conta pola Presidencia desta solicitude dos grupos políticos municipais da oposición referente ás obras de Ampliación do Auditorio Municipal e Conservatorio de Música. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 3 de setembro de 2012 propoñendo a “*Análise da documentación existente no Concello referente ás obras de Ampliación do Conservatorio de*

música e Auditorio municipal a fin de que cada formación política adopte as medidas e formule as propostas que considere oportunas”.

O Sr. Presidente accidental, **D. Román Rodríguez González** explicou que tal e como se consensuou na sesión da Comisión Informativa, viña a sesión este tema, co ditame acordado.

Na exposición da moción **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** fixo unha historia de todo o expediente. Empezou indicando que na súa vida veu un expediente con tantas irregularidades. O dato inicial era que podía haber obras que non fosen legais e pasar de sete metros de altura a trece, cunhas alturas ilegais, a pesar de que había un informe do entón arquitecto técnico Sr. *Hervé Fernández*. Non se sabía como fixeron, onde e de que maneira, xa que o Concello debía ser o primeiro en dar exemplo e facer obras que poidan facerse.

O proxecto da obra estaba licitado con dotación á baixa, de tal modo que era imposible que unha empresa fixera a obra por ese diñeiro. Houbo unha UTE que se levou a obra. No mes de outubro de 2003 iniciáronse as obras ata o 2004, houbo certificacións de obras, a última de outubro de 2004, cando se procedeu á inauguración da obra, asistiron á mesma representantes municipais e provinciais. A diferenza de adxudicación e o consignado corenta e sete mil euros. Fixo a obra o contratista e realmente non se sabe que obras se fixeron: a certificación é do 6-2-2005, a certificación é xa a nº 14 e final. Non hai acordo municipal que ampare esas obras. A segunda si que se pagou.

O modificado nº 1 ten data de 12-2004 e se aprobou o 2-2-2005, a proposta foi do Sr. *Hervé Fernández*, que aparece como codirector, ou ben como director.

O 14-2-2005 informa intervención que hai crédito, e o 15-2-2005 aprobouse o modificado nº 1; a certificación da obra preséntase o día seguinte. Pagase a certificación.

Logo veu o Decreto de doce de marzo de dous mil doce. Pero primeiro hai unha certificación con data anterior e logo despois de aprobarse o modificado, asínase.

O dito decreto da Alcaldía cuestiona a validez da dita certificación, xa que non se acreditou a certificación final de obra, e a pesar de que non era válida pagouse.

Tres anos despois do remate das obras, e de que viñeran o Sr. *Crespo*, o Sr. *Louzán* e outros á inauguración veu unha certificación de máis de noventa e tres mil euros. Despois de tres anos, reclámase esta certificación, sendo o Sr. *Herve Fernández* funcionario e codirector de obra. En marzo de 2008 o Concello promete pagar a dita certificación, e así se di en varios escritos no que están presentes os funcionarios e o Sr. Alcalde ao administrador concursal. O Concello non fixo nada neses dous ou tres anos.

Hai un endoso da certificación a Ageco, empresa do Sr. *Hervé Fernández*, e logo endosada ao Banco Pastor. Ante os escritos do Concello, o Banco Pastor dubida, porque ven a man o endoso, e primeiro non contesta. O Concello reitera a súa petición.

O Concello non fixo ningún movemento sobre esa certificación de noventa e tres mil euros desde o ano 2010, salvo á reunión aludida, na que se promete que se vai consignar e se pagará a empresa.

O Concello cun segundo escrito reacciona e hai varios escritos de Intervención. Un deles é contestado polo Sr. *Collarte* director de obra. O 12-12-2010 a Intervención volve a requirirille e non contesta.

A empresa Ageco sae do concurso e nun novo escrito de 28-12-2011 alude á reunión e pide que sexa incluído o seu importe nos orzamentos de 2012. O decreto de 12-3-2012 denega isto.

Esta resolución provocou unha reacción, o contencioso, no que Ageco pode gañar, porque o Concello de Lalín tacitamente admitiu a certificación.

A traca final veu por dúas certificacións de obras que suman un importe de 252.126,79 € dun modificado nº 2 asinado por Sr. *Hervé Fernández*, e que presenta a empresa Fernández Sarmiento S.A., contestando ao dito decreto.

O arquitecto Sr. *Collarte* contestou o 7-5-2012 indicando que el non fixo as medicións da obra, senón que foi de *D. Hervé Fernández*. Houbo cambios construtivos na obra e nega ser el quen fixo o modificado nº 1.

Aparte hai outras obras por máis de cento oitenta mil euros e unhas melloras de trece mil euros e

pico.

Nas obras do PAM 2004 aparecen estas obras, que el viu nun Bop adxudicado a Proinsa S.A o 14 de marzo de 2005 non á UTE por 89.980 €, máis as melloras de trece mil euros. Non veu o expediente de contratación.

O 14 de abril asinouse o contrato e rapidamente aprobouse a certificación de obras.

O 13-12-2005 aprobouse a Memoria e adxudicouse o 19-12-2005, e a certificación o 20-12-2012 ; a inauguración foi varios días despois.

O 11 de novembro de 2006 a Consellería de Educación concedeu 60.000€ que ningún lle agradeceu. O 3-11-2006 aprobouse o expediente de contratación e adxudicouse á empresa a Construcciones Hnos. Millares S.L., e a factura aprobouse rapidamente o 21-11-2006. Das melloras non se sabe nada, a pesar de que a certificación veu sete días despois da adxudicación. Despois de todo isto coidaba que tal e como estaba o expediente cumpría facer unha investigación, ver as partidas de obras e unidades que se fixeron e as que non se fixeron.

Logo se remitiu unha parte, non toda, á Fiscalía e houbo o contencioso interposto polo *Sr. Hervé Fernández*. No prazo personouse a empresa Fernández Sarmiento. O Alcalde non informou do dito decreto, ocultoullo e non deu conta na sesión plenaria do mes de maio e remitiu parte da documentación á Fiscalía, non todo o expediente, e só unha parte.

Houbo un escurantismo e ocultación á oposición, sobre todo no tema das fotocopias do expediente. E elo motivou á oposición a pedir a convocatoria dunha sesión extraordinaria.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** coidaba que o grupo de goberno exerceu temerariamente ao remitir a documentación á Fiscalía, porque esta de oficio pode investigar todo, e non só a falsificación de documentos. Preguntou ao equipo de goberno se: ¿calibrou ben ou non a dita actuación? Coidaba que esta foi inducida, e pode que lle estoupe nas mans ao equipo de goberno.

Doutra banda coidaba que por todo isto debía haber responsabilidades políticas, porque había moitas irregularidades, e reiterou que estas poden ir máis alá que a falsificación das firmas ou selos nas dúas certificacións.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** dixo que atopaba moitas contradicións no expediente e que desde logo apoiaba o dito polos dous voceiros anteriores.

Desde o grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** empezou o seu turno salientando que o Concello nunca e menos agora quería ocultar nada ao Ministerio Fiscal. Proba de todo isto foi que se remitiu copia de todo o expediente ao dito organismo neste mes de agosto. Polo tanto non eran certas as verbas do voceiro socialista de que se ocultaba información ao Ministerio Fiscal. A afirmación non era correcta.

Por alusións **D. J.A.Cristóbal Fernández Vázquez** dixo que el non mentiu xa que o documento de remisión non estaba no expediente da sesión, e que debía figurar nel.

De novo no uso da palabra, **D. Román Rodríguez González** matizou que a documentación se enviou voluntariamente á Fiscalía, e que non había anomalía algunha, nin por suposto se ocultaba información.

Doutra banda afirmou que das verbas do edil socialista parecíase desprender que defendía a actuación do funcionario en excedencia *Sr. Hervé Fernández*.

Do escoitado coidaba que había dúas formas de facer política e o Concello utilizaba a que procedía e remitiu á Fiscalía toda a documentación.

A oposición socialista intentaba manipular a situación para obter froitos políticos, pero lle faltaba rigor nelo.

Das verbas pronunciadas dábase a idea de que había incorreccións na actuación municipal, danábase a imaxe do Concello e parecía dicir que houbo trato de favor a ese funcionario, con suxerencias ou complicidades, creando unha nebulosa. O Concello non era xuíz e parte.

Na solicitude da oposición había tres puntos. Había que dicir que o Concello non pagou un euro a ninguén que fose incorrecto, e menos á empresa Ageco. Por iso o Concello tiña precisamente un

contencioso aberto.

Había un endoso da UTE a Ageco, e o Concello non recoñecía esa situación, e logo un endoso a man que tamén cuestionou.

Sobre o proxecto modificado nº 2 afirmou que non existe nin acordo, nin documento, nin decreto, e só consta unha sinatura do funcionario en excedencia que a nega e un selo do Concello. Este funcionario di que non asinou esas dúas certificacións. Isto foi o detonante. O Concello é vítima; pero non pagou nada incorrecto.

Hai un problema entre NovaGalicia banco e as empresas da UTE, pero non co Concello, e era falso que se reclame ao Concello 345.000 como se dixo. Ao Concello non se lle reclamou nada desas obras. Unicamente existía un contencioso pola certificación de noventa e tres mil euros.

Sobre a cuestión urbanística dixo que era unha mentira radical todo o dito e escrito hoxe polo voceiro socialista. Era así porque unha parte do solo afectado adquiriuse co Plan Parcial promovido pola empresa Sinergias Dezanias S.A e por elo era municipal.

Dos metros construídos dos 1380m² sobre mil estaban amparados pola normativa do uso de equipamentos; dos 392 m² de sistemas xerais tamén estaban baixo a cobertura da norma. E os 50 m² cadrados restantes non tiñan unha altura de doce metros, senón de nove metros sobre os sete metros previstos na norma municipal; a este respecto leu o artigo 42 da LOUGA que permite este tipo de actuacións singulares, de xeito excepcional.

D.J.A. Cristóbal Fernández Vázquez por alusións dixo que isto non constaba no expediente.

Seguiu no uso da palabra **D. Román Rodríguez González**. Sobre as obras financiadas pola Deputación Provincial e a Xunta de Galicia, as subvencións e as dúbidas expostas, indicou que se lle remitiron ao edil socialista Sr. Fernández cando ocupaba un alto cargo na Consellería de Educación e O. Universitaria.

O que se quería era xerar confusión. No PAM foron 90.000 € para poñer en marcha o CT acondicionar as beirarrúas e levar a electricidade a esta nova parte do edificio. Non se quería ocultar nada, foron obras paralelas, xustificáronse, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local, e os tres expedientes eran de sobra coñecidos.

O Concello fixo unha actuación exemplar neste tema. Ningún euro se pagou de máis nin de xeito incorrecto, e cando houbo dúbidas, o reclamante tivo que acudir á vía contencioso-administrativa. O Concello non controlaba a empresas como Ageco coas que non contratou. Por isto se remitiu á Fiscalía o día 14 de agosto de 2012 a documentación do expediente.

De novo polo grupo socialista o voceiro **D. Manuel María González Aller** preguntou por qué non estaba no expediente da sesión o dito escrito de remisión á Fiscalía dos documentos restantes do expediente. Indicou que eles pediron toda documentación e déuselle por partes. O xeito de actuar non era o correcto.

Salientou que ao **Sr. Hervé Fernández** funcionario do Concello en excedencia encargóuselle a execución de toda a obra de Ampliación do Auditorio e foi el quen levou todo o peso do expediente. O arquitecto **Sr. Collarte** contestou nun dos escritos indicando que el non fixo as medicións das unidades de obras a que se refería á dita documentación. Disto deduciase que as fixo o Sr. Hervé Fernández, de triste recordo no Concello polos seus informes sobre o Parking da Praza de Europa.

Lembrou que no informe urbanístico o **Sr. Hervé Fernández** informou favorablemente por razóns estéticas e funcionais, pero non polos motivos expostos polo edil de urbanismo e agora Alcalde-Accidental.

O caso é que o dito funcionario foi director, ou codirector das obras en debate, realizou as medicións das unidades feitas, e rematou as mesmas; agora reclama noventa e tres mil euros.

O **Sr. Hervé Fernández** facía o que quería no Concello e, decidía todo sobre a dita obra. O funcionario era quen mandaba. O curioso é que con todo o que fixo neste tema e noutros non se lle abriu ningún expediente sancionador. Agora é el ou a súa empresa quen reclama ao Concello esas cantidades.

Tamén sobre a situación deste funcionario, dixo que el pediu a excedencia voluntaria o 2-7-2007 e

non se lle contesta; logo pediu en outubro que se paralice a dita petición, e o Concello concedeu a excedencia o 26-11-2007.

No mes de novembro de 2009 pediu o reingreso, sen contestación municipal e o 25-5-2011 conlledúeselle a excedencia indefinida. Quería saber en que situación real estivo entre o 2009 e o 2011, cando o Concello non lle contestou. Había irregularidades.

Dixo que non houbo transparencia neste expediente. O Concello remitiu á Fiscalía o escrito polo escrito previo do Sr. Secretario e da Sra. Interventora, e non foi ao Xulgado, senón á Fiscalía.

Doutra banda era importante reseñar que o modificado nº 2 non lle consta ao arquitecto. Ao Sr. Sarmiento lle consta que ese modificado si que era coñecido. Non houbo pois transparencia.

Tamén había que dicir que a obra inicial desbordouse e superou as cifras previstas cando se iniciou. Preguntou se faltaban ou non faltaban obras por facer no Auditorio.

D. Manuel Gómez Estévez edil delegado de facenda, dixo que aínda faltaban obras por realizaren na dita instalación.

Finalmente o edil socialista, o **Sr. Manuel María González Aller**, dixo que non lle gustaban as actitudes da Alcaldía con persoas que faleceron, porque non estaban aquí para defenderse. E si existía tanto descontento do Concello coa empresa Proinsa S.A pola súa actuación nesta obra: ¿como foi que se lle deu a obra máis importante, a construción do novo Concello?

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo notar certo nerviosismo nas verbas do **Sr. Román Rodríguez**.

Desde logo non lle parecía correcto o de dar por partes o expediente, para así danar a imaxe da oposición diante da opinión pública, como dando a entender que actuaba mal e que non se enteraba.

O Sr. Alcalde enviou a documentación despois de pedir a documentación a oposición. Esta era a cuestión.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** dixo que non tiña máis que dicir neste asunto, xa que se dixo todo antes.

Rematou o Sr. Presidente accidental **D. Román Rodríguez González**, indicando que o grupo de goberno non quería convencer á oposición, pero si rexeitar as verbas e a idea que se quería dar do Concello e da súa actuación neste tema, como de complicidade, creando unha especie de nebulosa e xerando dúbidas. O Concello non defendeu ao **Sr. Hervé Fernández**. E desde logo non houbo trato de favor para con dito funcionario. O Sr. Alcalde actuou por escrito e foi exemplar a súa actuación de levalo á Fiscalía.

Por último dixo que non se pagou nada que non estivese en forma e “en regra”, e por iso por ser escrupulosos agora tiñamos un contencioso-administrativo.

Sometido o ditame a votación ordinaria, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, que dan trece edís do PP, tres do PSdeG-PSOE dous do BNG e un do PGD aprobouse o ditame e acordouse:

“Analizar a documentación existente no Concello de Lalín referente ás obras de Ampliación do Conservatorio de Música e Auditorio de Lalín, a fin de que cada formación política adopte as medidas e formule as propostas que estime oportunas”.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

De xeito escrito:

Rogos formulados polos concelleiros do **PSdeG-PSOE** D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez e D. Manuel María González Aller, cuxo contido se transcribe:

1.1- ROGO.

“No parque infantil que está a carón da igrexa hai varias barandillas en mal estado. A que é máis perigosa atópase na rampa de baixada (á esquerda está a praza co palco de música e á dereita a fonte); ten varias tuercas soltas e o peso da estrutura é considerable, co que é un serio perigo para os nenos. Ademais, algunhas cercas de ferro do recinto de columpios e xogos están combadas.

Solicítase do Grupo de Goberno e da Alcaldía que se fagan urxentemente as reparacións oportunas para evitar posibles accidentes”

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

1.2.- ROGO.

“Que dentro da área de reparto AR-16, colindante coa parte traseira das edificacións da rúa do Rodo, existe unha parcela que o PXOUM ten prevista como de equipamentos e que parece foi cedida logo do desenvolvemento de dita área de reparto ó concello. Esta parcela atópase na actualidade en claro estado de abandono e con gran abundancia de maleza. As 3 comunidades de veciños da rúa do Rodo propietarias das edificacións colindantes con dita parcela fixeron recentemente un gran esforzo económico para adecentar as fachadas traseiras dos seus edificios, tal como pode constatarse *in situ*, e á marxe da cuestión estética da situación de abandono da parcela, teñen medo que poida prender lume na maleza existente e afectarlle como mínimo ás obras de ornato das fachadas como xa se dixo levadas a cabo recentemente. Polo exposto solicítase do Grupo de Goberno e desa alcaldía que se proceda ó desbroce e limpeza de dita parcela ou no caso en que proceda se requira a quen corresponda para que o faga.”

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

De xeito oral durante a sesión:

1.3.- PREGUNTA. ¿Cando se van acometer as obras de beirarrúas e saneamento da marxe esquerda da estrada CN-525 dirección Santiago, tendo en conta que xa está dotado deste servizo a marxe dereita da dita estrada?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

2.- PREGUNTAS.-

De xeito escrito:

BNG

D. Xesús Cordeiro Budiño

1.- En relación ao feito de que nun medio de comunicación saíu publicada unha noticia relativa aos calabozos que hai no Concello de Lalín para que a Policía Local poña en custodia aos presos que por diversos motivos teñan que ser retidos de xeito legal. Segundo se comenta, eses calabozos nunca van cumprir ese fin pois non están preparados e acordes á normativa que os regula.

2.1.-PREGUNTA

¿Qué hai de verdade en todo isto?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

¿Para qué serven uns calabozos que non se poden utilizar?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

Se hai calabozos e constaban no proxecto inicial de construción do Concello: ¿Por qué non se adaptaron xa daquela á normativa?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

¿Onde van os presos que teñen que ser detidos?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

¿Vanse facer reformas para adaptalos á legalidade vixente?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

E, sendo as once horas e trinta e oito minutos do mesmo día onde comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente Accidental levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente